

A Galicia enladrillada

Roberto L. Blanco Valdés

*O ceo está enladrillado,
¿Quen o desenladrillará?
O desenladrillador que o desenladrille,
bo desenladrillador será.*

Trabalinguas popular

1. “¿E LOJO FRAJA?”, “FRAJA, JOBERNA”

A viñeta, debuxada polo caricaturista Chichi Campos pouco despois da chegada triunfal de Manuel Fraga ó eido autonómico galego, representa a dous individuos que manteñen este diálogo hilarante: “¿E lojo Fraja?”, pregunta un. “Fraja, joberna”, dille o outro. “Joberna en Jalicia”, retruca o primeiro, convencido. “Hai que goderse”, conclúe, con resignación, o compañeiro. Máis alá do acedo sentido do humor do gran viñetista santiagués —un dandi fráxil que non deixaba títtere con cabeza co seu lapis laico e descrido— a verdade é que esa conversación imaxinaria resume con non pouca precisión dúas das percepcións que comezaron a correr polo país trala victoria de Manuel Fraga nos comicios de decembro de 1989 e trala súa primeira elección como Presidente da Xunta de Galicia: a de que, por fin, alguén semellaba gobernar unha autonomía ata entón asolagada nun acusado desgoverno; e a de que o

*Este texto vén de ser publicado en castelán no número 118 (de decembro de 2001) na revista *Claves de Razón Práctica*. Agradezo ós seus directores a xentileza de me permitir reproducilo, agora en galego, caseque á par da aparición desa versión orixinal. E ó director de *Grial*, o facerme un sitio neste número cando estaba xa a piques de pecharse.

poder de Fraga resultaba un a xeito de destino inexorable que lle tiña tocado en sorte —ou en desgracia— ós galegos.

Da certeza desta segunda percepción pode dar proba o feito de que Fraga veña de gañar con maioría absoluta as eleccións autonómicas por cuarta vez consecutiva. En canto á exactitude da primeira, a realidade é que o sentido político profundo do desembarco de Fraga na política galega resulta inseparable da situación que a autonomía levaba atravesado durante os seus primeiros anos de complexo alumeamento. Unha situación marcada de xeito decisivo pola galopante crise de UCD a comezos da década dos oitenta e pola pelexa interna entre esta e Alianza Popular por ver quen remataría por ter nas súas mans a hexemonía no seo da dereita española do momento. As primeiras eleccións autonómicas galegas, celebradas no outono do ano 1981, supuxeron, de feito, a gran victoria inaugural de Alianza Popular, que logrou adiantar en dous escanos á UCD (26 a 24) nun parlamento no que a oposición remataba reducida á condición de comparsa da dereita triunfadora. O panorama haberá cambiar de xeito radical nas seguintes eleccións, as do ano 1985, das que saíría un parlamento que non foi quen de asentar unha maioría estable de goberno: Coalición Popular (*transubstanciación* da primixenia Alianza Popular) comía entón unha parte dos votos de UCD e con 34 deputados ficaba a dous da cifra máxica que marcaba a fronteira da maioría absoluta na Cámara galega; no entanto, outra parte do antigo electorado de UCD sumábase a unha nova formación, de vocación centrista e galeguista, Coalición Galega, que cos seus 11 escanos, convertíase no só na gran revelación das eleccións, senón tamén na chave da porta de entrada cara á Xunta. A historia posterior, e o seu remate, son de todos coñecidos: os populares formaron goberno contando coa abstención da Coalición e conseguiron ir indo, se ben que ós tombos, ata que a ruptura de Coalición Galega converteu a gobernabilidade en imposible. O gravísimo *impasse* político ó que tal escenario ía conducir —cun goberno que non tiña maioría, un Presidente da Xunta que non dispuña da facultade legal ou estatutaria de disolver anticipadamente o parlamento, e, por fin, unha oposición, que non acadaba por si mesma o número de deputados necesarios para aprobar unha moción de censura constructiva— rematou estourando por unha, verdadeiramente, insólita costura: cinco deputados do grupo popular, comandados por quen era vicepresidente da Xunta de Galicia, Xosé Luis Barreiro Rivas, *transfugáronse* da súa antiga disciplina de partido e apoiaron unha moción de censura presentada polo Partido Socialista, o que levou a un dos seus dirixentes á Presidencia, á fronte dun logo chamado goberno *tripartito*, apoiado polos socialistas e as dúas faccións nacionalistas moderadas nas que se tiñan agrupado os ex-coagas.

Estando as cousas deste xeito, tanto a longa etapa de inestabilidade governamental previa á censura —producida, non se esqueza, nunha conxuntura na que a autonomía non tiña aínda acadado o altísimo grao de aceptación popular do que goza no presente—, como as propias peculiaridades dunha moción que precisaba para triunfar do apoio activo de deputados elixidos nas listas do partido que viña ser a súa vítima, explican a fonda expectativa que levantou en Galicia unha chegada, a de Fraga, que os seus partidarios presentaron, *bíblicamente*, como o retorno do fillo pródigo que tiña malgastado as súas virtudes tentando convencer a uns ingratos españois da necesidade de lle entregaren o goberno nacional a unha *maioría natural* da que o propio Fraga se supuña guía e arquitecto. As enquisas preanunciaban xa entón con claridade aquela expectativa: segundo a número 1.700 do Centro de Investigacións Sociolóxicas (CIS), realizada a mediados de setembro de 1987, é dicir, uns días antes da censura socialista, case seis de cada dez entrevistados consideraban que Coalición Popular obtería en Galicia máis votos con Fraga que sen el, e unha proporción lixeiramente superior atribuía a este moitas ou bastantes posibilidades de triunfar nuns hipotéticos comicios autonómicos.

Os comicios de 1989 confirmaron o comezo da irresistible ascensión de Manuel Fraga: co 45 por cento dos votos, os populares obtiñan nelles 38 deputados —a maioría xusta dun Parlamento que tiña pasado de 71 a 75 escanos— e iniciaban unha escalada electoral que, polo momento, veu culminar na súa victoria do pasado mes de outubro. En todo caso, o sólido dominio do PP non se ha derivar somente da súa hexemonía parlamentaria indiscutible —43 escanos (co 52 por cento dos votos) nas autonómicas do 1993, 42 (co 52 por cento) nas do 1997, e 41 (co 51 por cento) nas de outubro deste ano— senón tamén do seu fortísimo control sobre as deputacións provinciais e sobre a inmensa maioría dos concellos de Galicia, excluídos algúns dos das sete grandes urbes, que, ocasional ou permanentemente, teñen estado presididos por alcaldes socialistas o, ultimamente, tamén nacionalistas.

Mais o significado do xiro que comeza coas eleccións do ano 1989 non se reduce á consolidación do dominio do PP. E é que, ó propio tempo, o formato da oposición experimentará na década dos noventa unha remodelación interna substancial, remodelación que, xunto á hexemonía popular, vai configurar, ó cabo, un sistema de partidos que rematará por definirse fundamentalmente pola escasa competitividade entre a esquerda e a dereita. A correlación de forzas socialistas/nacionalistas resultaba en 1989 moi favorable para os primeiros, que, co 33 por cento dos votos e 28 deputados, colocábanse a gran distancia do 8 por cento e os sete escanos que sumaban a totalidade dos nacionalistas. Esa proporción vai ir cambiando, sen embargo, elección tras

elección, ata xerar unha auténtica inversión das posicións respectivas de saída. A forte crise interna socialista, endémica en Galicia desde os inicios da etapa democrática, unida á crecente concentración da oferta nacionalista, que rematará por se artellar toda ela arredor do Bloque, e a moderación dalgúns dos seus máis radicais perfís programáticos, van explicar o progresivo afundimento socialista e o ascenso paralelo dos nacionalistas: nas autonómicas de 1993, o PSdeG cae ata o 23 por cento dos votos, que lle outorgan 19 escaños, mentres que o BNG medra ata o 19, obtendo 13 escaños; a inversión culmínase nas seguintes eleccións, as de 1997, que, por vez primeira, danlle a dianteira ó BNG: os seus 18 escaños e 25 por cento dos votos contrastan co derrubamento do Partido Socialista, confinado, co 19 por cento dos votos e 15 asentos, a ser a terceira das tres forzas con representación parlamentaria.

Tendo á vista todo o que veño de apuntar, non resulta difícil comprender o contexto institucional definidor da vida política autonómica cando toca á súa fin a cuarta lexislatura do Parlamento de Galicia (1997-2001). Dunha banda do espectro sitúase o Partido Popular, que baixo o liderado indiscutido do *patrón* Fraga Iribarne, ten gobernado a autonomía durante case todo o seu período de asentamento, aquel no que a propia autonomía pasou a se converter dun proxecto a penas debuxado nunha indiscutible realidade, que exerce competencias sobre un amplo e variadísimo abano de materias, dispón dunha grande administración ó seu servicio e controla un orzamento que ronda o billón de pesetas anuais; doutra banda, o BNG e o Partido Socialista, que comparten, competindo un contra o outro, a oposición ó Partido Popular. Eses datos prefigurán, á súa vez, as dúas regras coas que no ano 2001 se vai xogar a partida goberno/oposición: a de que o PP non poderá, sen maioría absoluta, asegurar para si a Presidencia da Xunta, pois non habendo quen lle sirva de bisagra, a súa perda traslada de inmediato á oposición nacionalista e socialista a decisión de deixalo gobernar en minoría, ou botalo do poder pactando a formación dunha maioría alternativa; e a de que a esquerda só poderá gobernar en coalición, vista a distancia a que están da maioría absoluta cada unha das dúas forzas sobre das que a mesma se articula. É a vixencia desas regras a que explica que o BNG e o Partido Socialista enfrontasen as derradeiras eleccións autonómicas cun optimismo relativo sobre as súas posibilidades de derrotar o Partido Popular. Pero é tamén, na miña opinión, e segundo tratarei de explicar máis adiante, a que permite entender as causas máis de fondo polas que tal derrota resultaba moito menos probable do que a simple vista podía semellar.

2. TREBÓNS, VACAS TOLAS, PEIXES FRACOS

De todos os xeitos, as expectativas da esquerda respecto a que as eleccións do 2001 puidesen ser ¡por fin! as do cambio de goberno non procedían só da fragilidade consubstancial da posición de quen estaba obrigado a gañar por maioría absoluta cun sistema de representación proporcional. E isto porque a partir dos derradeiros meses do ano 2000 a Xunta de Galicia terá que comezar a facer fronte a unha serie de problemas que, ademais de poñer en grave risco a viabilidade de sectores básicos da economía do país, rematarán por situar no primeiro plano a existencia de moi serias deficiencias na planificación e prestación de servizos públicos directamente dependentes da Xunta de Galicia. No foron aqueles meses de vacas fracas, senón de vacas tolas, que comezan a aparecer ó longo de novembro; e de peixes fracos, a consecuencia da gravísima crise do sector pesqueiro que provoca a ruptura das negociacións entre a UE e Marrocos; e, en fin, de trebóns e tempestades, cun longo e rudo inverno, que tras desbaratar as comunicacións por estrada e vía férrea, ou a rede telefónica e eléctrica, rematan afectando a unha boa parte do comercio, ó turismo, e tamén, outra vez, por suposto, á agricultura e á pesca. A oposición responsabiliza, claro, a Fraga e a Xunta desa crise que atravesan os sectores agrícola e pesqueiro e da súa incapacidade para minimizar as consecuencias dun inverno que ten posto contra as cordas a capacidade de resposta da administración autonómica galega.

Pero non será só na fronte dos problemas económicos e no do mal funcionamento de infraestruturas e servizos onde virá a pecharse o cerco opositor. De feito, e como xa viña sendo habitual desde que a lexislatura tiña comezado, a oposición insistirá tamén en denunciar o esgotamento do proxecto de Fraga e do PP, vítima dunha falta de iniciativas nos eidos económico e social, á que se xuntaba, segundo ela, un xeito de gobernar pouco respectuoso cos hábitos dun sistema democrático: as dificultades que PSdeG e BNG viñan topando desde sempre para controlar parlamentariamente a Xunta e a administración dela dependente resultaban ser, deste xeito, as manifestacións máis extremas dunha perverción dos mecanismos democráticos que se tiña instalado no sistema autonómico como práctica institucional habitual. Os rumores incesantes sobre hipotéticos problemas de saúde de Manuel Fraga e a persistencia das dúbidas sobre cómo se enfrontaría o sempre posposto problema sucesorio viñan, ó cabo, a completar o que, no momento, se presentaba como un sombrío panorama para a maioría popular.

En contraste con eses nuboeiros, a oposición semellaba ter máis dun motivo para se amosar relativamente satisfeita. As derradeiras eleccións municipais celebradas en España tíñanlle permitido ó PSdeG

manter en solitario a alcaldía da Coruña e gobernar, en coalición cos nacionalistas, a de Santiago e mais a de Lugo; pola súa banda, o BNG tiña accedido, tamén en coalición, ás de Vigo, Ferrol e Pontevedra, o que deixaba ó PP soamente unha (Ourense) das sete grandes cidades de Galicia. Aínda que os pactos tiñan pasado en certas prazas por situacións ben delicadas, o certo é que entrado xa o ano 2001 todos lograrian manterse. Ademais tanto o PSdeG como o BNG transmitían unha crecente sensación de estaren dispostos a comezar a baldeirar parte do lastre que viñera dificultando no pasado a súa capacidade para competir en autonómicas alén do seu mutuo, e estéril, *tour de force*: os socialistas presentábanse cun líder que contaba, por primeira vez en moito tempo, co apoio da maioría do partido e tamén co da Executiva Federal dun PSOE renovado, executiva na que se sentaba tamén o Secretario Xeral e candidato socialista; os nacionalistas, pola súa banda, decidían limar ata o máximo tolerable para unha fronte politicamente tan complexa como o Bloque o seu discurso radical, e facían un esforzo para converter en electoralmente dixerible o seu proxecto político e ideolóxico por sectores non nacionalistas.

Os efectos do que aparentaba ser un mal momento do PP son perceptibles ó constatar o cambio de tendencia da súa intención de voto directo, da que os barómetros trimestrais publicados por *La Voz de Galicia* han deixar ben clara constancia: no da primavera do ano 2000 era do 35,4 por cento, moi semellante á do inverno de 1999 (35,8) e só lixeiramente inferior á do outono dese ano (36,5); esas porcentaxes experimentarán aínda unha inflexión á alza no barómetro posterior, o do verán, no que a expectativa do PP incrementárase ata o 37,1 por cento. Sen embargo, esa tendencia á estabilidade, e, aínda máis, ó lixeiro crecemento, virá crebarse despois dos derradeiros meses do ano 2000, intre a partir do cal os datos de enquisa amosarán unha caída constante das expectativas populares: 34,8 por cento no barómetro de outono, 34,1 no do inverno e 31,2 no da primavera do ano 2001. A impresión que tal serie podería producir levaría a erro, en calquera caso, de non termos inmediatamente en conta que as mesmas sondaxes que viñen referindo indicaban que a caída na intención de voto cara ó Partido Popular corría paralela a unha redución da que presentaba ó Partido Socialista (que descendía do 13,3 por cento, no barómetro de outono de 1999, ó 12 no da primavera do ano 2001) e o propio BNG, que sufría unha mingua importantísima, ó caer do 22,8 ó 15 por cento entre esas datas. ¿Quen subía? Obviamente, a porcentaxe de indecisos, que se vai disparar nese período do 15,2 ata o 24,4 por cento do total dos enquisados.

Consciente desa situación, o BNG, que semellaba ser a forza máis castigada pola opinión pública galega, vai optar por unha forte aposta en termos políticos presentando unha moción de censura a comezos do

ano 2001. Xustificada polo Bloque no, ó seu xuízo, absoluto desgobierno dunha Galicia asolada pola encefalopatía esponxiforme, o amarre da flota e os desastres provocados por unha climatoloxía só comparable na súa inclemencia á inutilidade do goberno do PP para facer fronte ós seus efectos, a censura rematará, sen embargo, por se converter nun fiasco para os asinantes da mesma, que, ademais de non conseguiren convencer á cidadanía sobre a procedencia dun instrumento de control previsto para finalidades moi distintas, van ficar pampos ó comprobaren que as sondaxes posteriores ó seu debate e votación indicaban que eran sorprendentemente Fraga e o seu partido os máis beneficiados por unha iniciativa dirixida a desgastar o seu apoio electoral. A moción de censura contra Fraga, para a que o BNG non conseguirá nin sequera o apoio socialista, marca, con todo, as liñas fundamentais dos tres discursos confrontados desde entón, durante o longo período da precampaña electoral á que a propia moción nacionalista lle dá, en certo senso, o pulo de saída.

3. O PASADO, O CAOS, A PESTE

Os respectivos discursos electorais do PSdeG, do PP e o BNG poderían resumirse segundo o esquema que dá título a este epígrafe, esquema que non se verá modificado nin pola pretensión dos dous grandes partidos nacionais de converter as eleccións nunhas primarias sobre do *efecto Aznar* ou do *efecto Zapatero*, ni polas demoledoras consecuencias dos atentados do 11 de setembro para a campaña autonómica galega desde a perspectiva da axenda de televisións, radios e xornais. Deste xeito, malia o desembarco dos estados maoiros do PSOE e o PP, e malia a voracidade dos acontecementos exteriores para devorar titulares e portadas, a campaña conseguirá un grao de seguimento semellante ó doutras anteriores e discorrerá sobre *cleavages* propios da política autonómica.

Fraga volverá poñer ó corpo electoral perante o dilema de escoller entre el e o *caos*. Unha estratexia esta que, activada xa polo PP con anterioridade, adquiriría ós ollos dos seus planificadores unha maior credibilidade na complexa conxuntura da política galega do ano 2001; en primeiro lugar, porque as experiencias de goberno local conxunto da esquerda tiñan avanzado ós tombos, en medio de constantes liortas entre os socios de goberno, sobre todo naqueles municipios (Vigo, Ferrol e Pontevedra) nos que a alcaldía correspondera ós nacionalistas; e en segundo lugar, porque todas as enquisas indicaban que o máis votado dos dous partidos da oposición seguiría a ser o BNG. Fraga e a plana maior do seu partido botáronse, dese xeito, a unha campaña na que, á parte de promesas electorais máis ou menos rechamantes, loitarán por transmitir con insistente teimosía tres mensaxes: a de que se o PP perdía

a maioría absoluta, gobernaría o BNG; a de que votar ó Partido Socialista supuña, polo tanto, un xeito indirecto de facelo por Beiras e “os do Bloque”, pois Touriño non era máis que “un monaguillo dos nacionalistas”; e a de que o BNG constituía unha fronte independentista que levaría a Galicia á ruína. Polo tanto, os galegos deberían elixir entre o bó coñecido —“un PP forte e cohesionado”— e o malo por coñecer: un “pacto inconfesable”, do que sairía un goberno dirixido por unha “secta radical” apoiada nun partido “destrozado polas loitas intestinas”.

Curiosamente, a estratexia electoral nacionalista ía contribuír —sen que esa fose, claro, nin de lonxe, a súa intención— a dar verosimilitude ó elemento clave da campaña do PP. E isto porque a do BNG consistiría tamén en afirmar, alén das súas concretas promesas de programa, que en Galicia se estaba a producir o imparabile crecemento dunha “maioría emerxente” que botaría fóra irremisiblemente ós populares do poder. Beiras retoma con forza o seu discurso habitual, o de que “a peste” tiña chegado cos populares a Galicia, e prognostica unha e outra vez as “mareas vivas” que, ó converteren “a transición” en imparabile, permitirían certificar a fin venturosa do andacio. Por suposto, o dato de que o BNG fose desde as anteriores eleccións autonómicas a segunda forza en número de escanos, unido á unanimidade das enquisas á hora de prognosticar que aquel había manter a súa avantaxe, servían ó BNG para afirmar que sería o seu candidato a Presidente o encargado de formar a nova Xunta nacida da confluencia entre os nacionalistas e o Partido Socialista, e para advertir ós propios socialistas do alto risco de “suicidio” que corrían no suposto de negárense a apoiar a alternativa que hexemonizaría o BNG.

Fronte ás campañas *fortes* do PP e o BNG, o PSdeG optará, en fin, por unha campaña de claro perfil *baixo*, constructivo e programático. Aínda que había contribuír a tal elección o estilo do candidato socialista —home de talante moderado, tan afastado do caudillismo fraguista como do populismo beirista—, a estratexia socialista vai ser a consecuencia, sobre todo, das dificultades obxectivas da súa difícil posición no sistema galego de partidos, unha posición *central*, no senso topolóxico, no dobre eixo dereita-esquerda e nacionalismo-autonomismo. Os socialistas sitúan a Fraga no *pasado* e converten o seu propio proxecto no futuro: a “nova Galicia” que Touriño encarnaría había permitir dese xeito superar unha etapa, a fraguista, da que os socialistas non negan a súa contribución ó desenvolvemento do país, mais que entenden esgotada por completo. A dificultade da posición socialista estribaba, sen embargo, no feito mesmo de propórense os socialistas como alternativa de goberno. Pois ¿como podería selo quen precisando gobernar en coalición aparecía como a máis feble das dúas forzas que haberían de formalala? Pese á centralidade da cuestión, os socialistas conseguiron

manterse durante meses nunha calculada ambigüidade respecto do que farían finalmente no suposto de que o PP baixase da barreira *salvadora* dos 38 deputados e de que, ó tempo, a segunda forza continuase a ser o BNG. Con isto conseguían, por suposto, sortear un dobre risco: o de perder apoios pola esquerda —entre os electores que querían ver a Fraga fóra da Xunta a calquera prezo— e o de non chegar, pola dereita, a aqueloutros que, por máis que cansos do PP, non estarían dispostos, sen embargo, a embarcarse nunha *aventura* dirixida polo Bloque.

Pero ese silencio calculado converteuse nun lastre insoportable para as posibilidades de Touriño cando, xa iniciada a campaña electoral, o PP e o BNG insistiron sen desmaio en poñer a cuestión dos futuros pactos de goberno no centro da liza partidista: o PP afirmando unha e outra vez que votar socialista era un xeito de votar o BNG; e o Bloque sostendo día tras día que Beiras ía ser o próximo Presidente da Xunta de Galicia co apoio socialista. Nesas circunstancias, as referidas vantaxes do silencio podían trocarse en claras desvantaxes. Quizais por iso, ante o perigo de que non dicir nada respecto ós pactos fora unha forma de animar ós indecisos de dereitas a votaren polo PP para fuxir do BNG, e ós indecisos de esquerdas a votaren nacionalista para fuxir do Partido Popular, Touriño decide, xusto no ecuador da súa campaña, aclarar que se o BNG resultase a forza máis votada da esquerda, Fraga sería Presidente. Quedaban fixados ese día con toda claridade os termos en que se formulaban as eleccións autonómicas: uns termos que explicarán en gran medida os seus, para moitos, sorprendentes resultados.

4. ¿MAREAS VIVAS? INMENSA ONDA

“Las ‘mareas vivas’ que acabaron en ‘tsunami’”: ese diagnóstico, que servirá o xornalista de *La Voz de Galicia* Anxo Lugalde para darlle título a un dos capítulos da súa espléndida reportaxe *Fraga después de Fraga*, publicada pouco despois dos comicios do pasado 21, constitúe un resumo casi insuperable do que aconteceu en Galicia nesa xornada electoral. Pois, certamente, aquelas “mareas vivas”, prognosticadas polo nacionalismo, que haberían traer da man a “nova Galicia” anunciada por Touriño, remataron nun *tsunami*, denominación que se lle dá as ondas xigantes no Xapón, que varreu as expectativas de cambio de goberno e confirmou unha vez máis a resistencia da ata entón indestructible fortaleza popular.

De feito, a victoria do PP volveu ser de tal envergadura que, só despois de constatala, devén posible analizar os outros datos do resultado electoral. Dese xeito, e sen termos en conta agora os votos do censo de emigrantes, que a penas afectaron ás grandes magnitudes dos emitidos en Galicia, aqueles repartíronse o día 21 dun xeito que non

deixaba dúbida ningunha sobre quen gañaba e quen perdía: o PP obtén o 50,9 por cento (745.944), e perde seis décimas respecto ó seu resultado de catro anos antes (793.789, o 51,5 por cento); tamén o BNG cede posicións, aínda que nunha porcentaxe superior, que lle supuña pasar do 25,5 ó 23,3 por cento no conxunto de Galicia (341.751 no ano 2001 fronte ós 392.810 de 1997); o PSdeG ha ser, en fin, o único dos contendentes que mellora, ó pasar do 19,4 ó 21,8 por cento (320.283, fronte a 298.313), nunha ascensión que, ó igual que o descenso que sufría o BNG, vai ter unha relevancia cualitativa moi superior á súa simple dimensión cuantitativa. De contado hei referirme a esa cuestión, mais antes debo adiantar que o que podería semellar unha obviedade tendo á vista os datos grosos do escrutinio electoral —o feito de que nada substancial tería cambiado en Galicia despois das derradeiras eleccións— está moi lonxe da realidade. Coido, emporiso, que tanto o lixeirísimo desprazamento dos sufraxios expresados, como a súa traducción en escanos na Cámara galega (41, 17 e 17 no ano 2001, fronte a 42, 18 e 15 en 1997) abren unhas perspectivas de cambio que, ó meu xuízo, só poden apreciarse tendo en conta as razóns que permiten explicar sen sectarismos de partido o porqué dos resultados das eleccións autonómicas do pasado mes de outubro. Cómpre, xa que logo, referirse a esas razóns antes de abordarmos aquelas perspectivas.

5. ¿QUE PASA EN GALICIA?

De aceptarse a propaganda do entorno político, intelectual e xornalístico do Partido Popular, o que pasa en Galicia é moi sinxelo: os galegos terían confirmado co seu voto o *inmenso avance* producido no país en todos os aspectos desde a chegada de Fraga á Presidencia. O resultado electoral xogaríase, dese xeito, como un espello que se limitaría a reflectir o liderado partidista popular e o persoal de Manuel Fraga, reflexos ambos os dous, á súa vez, da inmensa achega de partido e Presidente á construción dun país que se tería, como quen di, refundado coincidindo coa *volta* —que non chegada— do *patrón* á súa terra. Con distintos graos de entusiasmo este ten sido, condensado en dúas verbas, o discurso complacente dos que, no máximo nivel de frenesí, teñen chegado a considerar a Manuel Fraga “o presidente fundador de todo”: deste xeito presentaba, de feito, ó líder popular un dos seus máis conspicuos conselleiros en plena campaña electoral.

Fronte a este discurso, que conforma como é claro máis o guión dunha publirreportaxe que unha explicación de tipo sociolóxico, a tentación da oposición ten sido a de teimar no discurso que, por resumir, poderíamos chamar do clientelismo. Segundo este discurso, unha gran parte dos galegos —os habitantes das zonas rurais do país— vivirían en-

feudados en redes caciquís que, meténdolles medo, no lles permitirían votar con liberdade; outra parte, a que habita nas cidades, estaría libre desa presión dos mecanismos clientelares controlados ou postos ó servizo do PP, pero viviría suxeita a unha manipulación mediática de tal envergadura, que a súa capacidade de decidir con liberdade tería ficado diminuída ata extremos pouco compatibles coas esixencias dun sistema democrático. Ó igual que vén acontecendo co autocompracente discurso do PP, estoutro, que exime á oposición de toda responsabilidade nas súas derrotas sucesivas, ten sido defendido polo entorno político, intelectual e xornalístico da esquerda —nacionalista e non nacionalista— con distintos graos de radicalidade e convicción: no seu extremo ten levado ata negar a lexitimidade do propio resultado electoral, que foi o que fixo, a fin de contas, un Beiras aínda atónito polo que lle parecía unha desfeita inexplicable, cando, a mesma madrugada do día 21 do pasado mes de outubro, se negou publicamente a felicitar a Manuel Fraga aludindo ó feito de que a súa victoria, como a dun “xogador de vantaxe”, a obtivera o gañador “facendo trampas”.

Coido que non é este, sen embargo, o camiño que pode levar a que a alternancia chegue, mellor antes que despois, ó sistema autonómico galego. E isto no só porque quen nega de vez ter cualquera responsabilidade na súa derrota electoral está negando, ó propio tempo, a posibilidade de que a transformación de tal derrota nunha próxima victoria dependa de instrumentos que un mesmo pode manexar. Ademais de rematar conducindo moi frecuentemente ó pesimismo ou á melancolía, o erro na análise de por qué un partido é derrotado en eleccións está tamén moitas veces na orixe dun risco que é en política máis habitual do que noutras actividades da vida: o de rematar por convencerse que se trabucan todos os que non fan o que deles espera cada un. ¿Trabúcanse os galegos? ¿Trabucáronse, unha e outra vez, durante os vinte anos que levan votando maioritariamente á dereita en autonómicas? Os que nunca votamos nin ó PP nin á UCD temos, acaso, o dereito de pensar que, certamente, os galegos levan anos trabucándose cunha porfía digna en verdade de moita admiración. Mais, unha vez superado ese lexítimo dereito a supoñer *privadamenie* que quen no está con un vive á sombra do erro, resulta máis útil poñerse a razoar, para intentar dese xeito obter algunha explicación que permita comprender como é posible que tanta xente se trabuque tanto tantas veces.

¿Clientelismo? ¿Manipulación mediática? Sen dúbida ningunha. Seguro que en Galicia existe voto clientelar e seguro que existen cidadáns manipulados polos medios que, crendo votaren segundo o seu libérrimo criterio, fano, en realidade, seguindo as consignas dos que, directa ou indirectamente, os controlan: niso non ía ser a sociedade galega distinta ás outras do seu entorno. É mesmo moi probable que certas pecu-

liaridades sociais de Galicia (o maior peso do seu sector agrario, o hábitat disperso da súa poboación rural, o seu envellecemento demográfico) favorezan prácticas clientelares que, aínda que en medida diferente, están tamén presentes nas demais rexións españolas. ¿Ou é que non hai en Extremadura, Andalucía ou Cataluña redes clientelares? ¿Non as hai no País Vasco, nas dúas Castelas ou en Canarias? ¿Ou é que non controla o PNV Euskal Telebista, e CiU TV-3, e o PSOE a Televisión de Andalucía? ¿Non reciben nestes e noutros territorios subvencións directas ou indirectas os diarios de tiraxe rexional? Sendo as cousas deste xeito, soste o argumento do suposto sometemento de Galicia ás redes clientelares e ós monopolios mediáticos ó servizo do poder, na cantidade e/ou calidade das vitorias electorais do PP, resultaría razoable, se non fose polo feito de que noutros moitos territorios españois o partido gobernante, que ten gañado frecuentemente tamén por goleada, ten sido o mesmo desde o comezo do período autonómico. De feito, podería incluso sosterse sen medo a esaxerar que a ausencia de alternancia ten rematado por se constituír finalmenté como un dato estrutural do sistema político autonómico, no cal case a metade das Comunidades españolas só teñen coñecido un partido de goberno, tendo sido varios, polo tanto, os que non tiveron ata o de agora que enfrontar a sa — dura — práctica de se alternaren no poder. E no cal as porcentaxes de voto provinciais e locais situados por riba do 50 por cento dos sufraxios expresados non resultan ó cabo tan insólitas como semellan crer os que insisten en falar da galega como dunha realidade electoral absolutamente excepcional: Andalucía, as dúas Castelas, Extremadura ou o interior de Cataluña, por poñérmolos só algúns exemplos, están aí para demostralo de xeito indiscutible.

A realidade electoral galega en eleccións autonómicas non resultaría, de feito, tan excepcional como podería semellar antes de comparala coa doutras comunidades, se non fose porque a esgotadora persistencia da mesma foxe bastante do que adoita ser habitual alí onde existe un sistema de partidos competitivo de verdade. Pois bien, eis onde reside na miña opinión unha das claves para entendérmolos as peculiaridades dun tipo de goberno democrático no que un partido leva varios anos gañando en todas as circunscricións provinciais e na inmensa maioría dos concellos en que as mesmas se dividen, obtendo porcentaxes de voto que superan moitas veces a barreira do 50 e incluso do 60 por cento dos votos expresados. Nos últimos comicios autonómicos os populares puxéronse por riba do 50 por cento dos votos en 232 concellos, a inmensa maioría deles de moi reducido censo de votantes, mais situáronse tamén nunha porcentaxe promedia do 44,4 por cento nas sete cidades da Comunidade: en todas foron a primeira forza electoral e en ningunha sufriron unha caída substancial respecto das derradeiras

autonómicas (en Vigo pasaron do 44 ó 44,5 por cento; na Coruña, do 42,1 ó 39,6 por cento; en Ourense, do 46,4 ó 46,1 por cento; en Santiago, do 53,2 ó 50,7 por cento; en Lugo, do 47,9 ó 48,8 por cento; en Ferrol, do 44,7 ó 45,5 por cento; e, finalmente, en Pontevedra, do 43,2 ó 43,3 por cento).

Á vista deses datos pode, obviamente, seguir defendéndose que o PP gaña as eleccións autonómicas galegas só polo seu control das redes clientelares e só pola manipulación da radio, da televisión e dos xornais. E pode seguir ignorándose que a distribución poboacional resulta en Galicia difícil de axustar a ese diagnóstico: certamente, considerar rurais a todos os electores que votan fóra deses sete grandes municipios, resulta un erro de vulto só comparable ó de pensar que absolutamente todos os que votan neles son urbanos. Mais, nin aínda nese caso de extremo pechamento ós datos obxectivos da propia realidade, cabería obviar un elemento da análise que permite poñer as cousas no seu sitio: o de que a distribución interna da porcentaxe de voto rural e voto urbano que os tres grandes partidos obteñen en Galicia é relativamente similar e tense mantido sen cambios substanciais entre as dúas derradeiras eleccións autonómicas. Deste xeito, e aínda reducindo o voto urbano ó que se expresa nas sete urbes xa citadas, o que, en verdade, é moito reducir, os datos resultan os seguintes: nas eleccións autonómicas de 1997 as porcentaxes urbano-rural do PP, BNG e PSdeG foron, respectivamente, 28,5-71,5 por cento; 40-60 por cento; e 36,5-63,5 por cento; e nas de 2001, 29,6-70,4 por cento; 36,5-63,5 por cento; e 38,4-61,6 por cento.

O problema para a esquerda galega non é, polo tanto, o de cómo evitar que as redes clientelares e os medios ó servicio do PP controlen a uns electores urbanos que, de feito, son libres de votar o que lles peta, senón o de explicar por qué eses electores —que, insisto, non son só (nin todos, claro) os das sete cidades de Galicia, senón tamén moitos dos das ducias de vilas medianas e pequenos pobos que teñen pautas de comportamento electoral tan urbano como as dun elector do centro de Santiago, de Vigo ou da Coruña— seguen a apoiar ó PP en eleccións autonómicas case sen fendas. A clave está en saber por qué os votantes urbanos —que non están suxeitos a eventuais presións clientelares e poden informarse pluralmente— votan a Fraga unha e outra vez nunhas porcentaxes que lle permiten acadar ¡sobradamente! unha maioría absoluta —para el indispensable— malia a existencia dunha fórmula electoral proporcional que dificulta a súa obtención. Pois é ese electorado urbano —que debería resultar, por definición moito máis volátil— o que dispón da chave da alternancia no sistema autonómico galego. ¿Por que eses electores, unha parte dos cales engrosaban seis meses antes da última consulta o grupo de indecisos, apoiaron ó PP no ano 2001 tal e como viñan xa facendo previamente?

Descartada a explicación *pro domo sua* do PP, a de que Galicia é Jauja —sen que isto supoña entrar agora a debater sobre o contributo dos populares ó avance do país— coido que a resposta a esa cuestión, e a outras que deixei aparcadas máis arriba, hai que procurala nas características do sistema galego de partidos. Un sistema definido pola ausencia case que total de competencia en eleccións autonómicas entre a esquerda (nacionalista e non nacionalista) e a dereita. Tralos comicios do ano 1993, nos que queda fixado o actual formato autonómico galego de partidos, o reparto entre bloques dos votos (contando agora os do censo de emigrantes) a penas ten experimentado variacións, de xeito tal que o avance neto da suma de socialistas e nacionalistas no período 1993-2001 ten sido de dous puntos e a caída do PP dun só punto (1993: PP: 52 por cento, PSdeG+BNG: 42 por cento; 1997: PP: 52 por cento, PSdeG+BNG: 44 por cento; 2001: PP: 51 por cento, PSdeG+BNG: 44 por cento). Os cambios foron, sen embargo, moi notables no interior do bloque da esquerda, o único no que a competencia se ten producido de verdade: mentres que en 1993 o reparto dos votos favorecía ó PSdeG, que avantaxa ó BNG en case cinco puntos (23,5-18,7 por cento), a proporción inverterase nas seguintes eleccións (BNG:24,8 por cento; PSdG: 19,5 por cento) e tornará a modificarse, favorecendo agora lixeiramente o Partido Socialista, nas de outubro (BNG: 22,4 por cento; PSdeG: 21,6 por cento).

Constatar onde ten habido e onde non ten habido competencia non permite explicar, en todo caso, por qué o sistema galego de partidos funciona nas eleccións autonómicas dun xeito bastante diferente a como funciona nas xerais e nas locais, eleccións onde a oposición, sobre todo socialista, si ten demostrado ser capaz de competir co Partido Popular. A miña tese é que a inexistencia de competencia entre bloques en eleccións autonómicas ten que ver esencialmente coas características das ofertas nacionalista e socialista. A credibilidade da derradeira sufriu un constante e fortísimo desgaste desde 1989 —cando os socialistas, co 32,7 por cento, chegaron ó seu cénit autonómico— como consecuencia sobre todo da enlouquecida dinámica interna dun partido que viviu en constante e aberta loita faccional: sirva como exemplo desa realidade o feito de que desde 1989 o candidato socialista a Presidente da Xunta teña sido sempre diferente, pois cada un deles era convenientemente *laminado* nada máis pecharse a xornada electoral; ou tamén o feito case que increíble de que a executiva socialista estivese, só uns meses antes de celebrárense os últimos comicios, a piques de decretar a expulsión do partido do alcalde coruñés, Francisco Vázquez, o político máis valorado de Galicia segundo todas as enquisas e o cargo público máis importante e asentado do PSdeG. Así as cousas, os potenciais electores socialistas de Galicia distinguirían cando se trata de

votar ó PSOE (en eleccións xerais) e ó PSdeG (en eleccións autonómicas) e comportaríanse en cada caso dun xeito substancialmente diferente.

As razóns, moi distintas, que explican a incapacidade do BNG para competir co Partido Popular —que non co PSdeG, como vimos xa— conéctanse principalmente cos perfís radicais da súa oferta que, tanto no eixo dereita/esquerda, como no eixo nacionalismo/autonomismo, se sitúa nun espacio político e ideolóxico moi distante a aquel no que se sitúa a inmensa maioría do electorado popular. E é que, malia os esforzos de moderación realizados polo Bloque, as súas políticas máis rechamantes seguen a situalo nun eido en moitos casos fronteiro ó dun partido antisistema: a súa negativa a asinar o pacto antiterrorista acordado polas forzas políticas maioritarias en España, o seu apoio incondicional á posición que respecto ó problema vasco mantén o PNV, o asinamento da *Declaración de Barcelona*, o seu indisimulado desacordo co marco constitucional e estatutario, o terceiromundismo da súa política exterior, o radicalismo identitario da súa política lingüística, son, entre outros varios, aspectos que non contribúen a expandir, senón, moi en troques, a contraer as fronteiras de competencia do BNG pola dereita do espectro político galego.

As eleccións de 1997, nas que o BNG adiantou por primeira vez ó PSdeG, e pasou a situarse, en consecuencia, como cabeza dunha potencial alternativa de goberno, viñeron, en fin, na miña opinión, a bloquear definitivamente unha situación xa de seu pouco volátil. ¿Por que? Pois porque a perspectiva de que o BNG puidese chegar a gobernar ía rematar actuando como un elemento de cohesión fundamental daquela parte do electorado popular que, indecisa a seis meses da consulta electoral, podía estar pensando despois dunha situación de “vacas tolas, peixes fracos e inclementes temporais” en transferir o seu voto ó Partido Socialista. Pero, ¿como facelo, se o voto ó PSdeG, segundo teimaban en argumentar, desde perspectivas, moi distintas, claro, tanto Beiras como Fraga, podería rematar servindo para facer ó candidato nacionalista Presidente da Xunta de Galicia? Este temor, moi estendido entre os votantes do PP, estábao tamén entre unha parte substancial dos votantes socialistas, o que dá unha idea aproximada da súa importancia como factor determinante do xeito de actuar duns e doutros: de feito, mentres un 47 por cento dos que declaraban apoiar ó PSdeG manifestaban o seu acordo coa negativa de Touriño a facer a Beiras presidente no caso de perder Fraga a maioría absoluta, nunha sondaxe publicada dous ou tres días despois de que aquel a proclamase, a porcentaxe dos que dicían estar en desacordo reducíase a menos da metade do anterior: o 22 por cento dos entrevistados.

É xustamente neste panorama no que a lixeira variación no reparto dos votos acontecida nas eleccións autonómicas de outubro podería ter unha significación cualitativa moi superior á súa dimensión cuantitativa, dando lugar á apertura de expectativas de cambio que ata o de agora estaban bloqueadas. Pois en outubro o BNG no só baixou por primeira vez nunhas eleccións autonómicas desde o momento, 1989, no que comeza o seu fulxente e imparabile ascenso electoral, senón que perdeu votos ademais na inmensa maioría dos núcleos urbanos grandes e medianos de Galicia: tamén nas sete cidades, e en 13 dos 14 municipios que goberna, ben en solitario, ben en coalición (entre os que se inclúen Vigo, Ferrol e Pontevedra). Esa caída xeneralizada do voto urbano dos nacionalistas corre paralela a un ascenso igualmente xeneralizado, aínda que de dimensión moi inferior, do voto urbano ós socialistas, que cabería interpretar como o inicio dun cambio de tendencia que, despois de resituarse a correlación de forzas entre o PSdeG e o BNG a prol do primeiro dos dous, podería tamén permitir, ó eliminar un dos principais elementos de bloqueo do sistema galego de partidos, abrir espazo para unha remodelación da correlación de forzas entre a esquerda e a dereita.

Esa é, de feito, a inmensa responsabilidade que o resultado electoral do mes de outubro ten posto nas mans dos actuais dirixentes socialistas. Pois da súa capacidade para competiren en eleccións autonómicas, mantendo o liderado interno traballosamente construído e eliminando a endémica conflictividade faccional, dependerá non só o futuro do propio Partido Socialista senón tamén, case con total seguridade, a posibilidade de que a alternancia democrática poida chegar nas eleccións do ano 2005 ó sistema autonómico galego. A ese respecto, non son poucas as opcións de que hoxe semellan dispor os socialistas: o seu virtual empate cos nacionalistas, que é real en número de escanos, permitirá ó PSdeG eliminar do horizonte a facilidade coa que o PP viña desde hai anos cohesionando ós seus votantes máis dubidosos ou máis tépedos, ameazándoos con que votar socialista equivalía a votar nacionalista; a sucesión de Manuel Fraga como candidato a Presidente abrirá tamén unha oportunidade para poderen os socialistas entrar a competir nun espazo que o forte liderado de Fraga convertía en bastante impermeable, evitando que as espesas sombras de tantos anos de xestión puidesen emerxer e ocupar o sitio que merecen xunto a unhas luces permanentemente aireadas polo poderoso aparello de propaganda do Partido Popular; finalmente, a *resurrección* do Partido Socialista, que semellaba ter *desertado* da política autonómica durante os últimos dez anos, podería permitir ós seguidores de Touriño asentaren o seu novo discurso, politicamente socialdemócrata e territorialmente federal, discurso co que cabería pensar como un obxectivo razoable a recuperación de parte do voto perdido a prol dun BNG que veu tendo grande éxito ó se

presentar como a opción máis *moderna* de todas as que compiten en Galicia. Alguén no Partido Socialista acaso tería que explicar ós seus antigos electores fuxidos cara ó Bloque, que aquel é unha mestura de forzas moi diversas, controlado internamente por un partido marxista-leninista e independentista (a Unión do Pobo Galego), no que a idade media dos seus candidatos e dos seus deputados é a máis alta de todos os concorrentes e elixidos en Galicia, no que o grupo parlamentario na Cámara galega —onde ninguén ten sido renovado nas derradeiras eleccións— é o que presenta unha proporción máis baixa de mulleres, e no que os principais dirixentes o son desde que o BNG celebrara a súa asemblea fundacional alá polo xa distante ano 1982.

¿A Galicia enladrillada? Si, por certo, enladrillada por un sistema de partidos do que despois das eleccións autonómicas de 1989 practicamente desapareceu a competencia efectiva entre a esquerda e a dereita e no que, despois das eleccións de 1997, introduciuse un elemento obxectivo de bloqueo que vén de permitir en outubro ó Partido Popular manter perfectamente cohesionada a súa masa de electores. Todo o cal ten conducido, ó cabo, a enladrillar a unha Galicia, na que, en verdade, levan vinte anos mandando os que empezaron a facelo despois de rematar a transición. A habilidade do Partido Socialista para xogar as súas opcións con sensatez e intelixencia será determinante, nunha medida decisiva, para que esa Galicia deixe de estar enladrillada. Certamente, o desenladrillador que a desenladrille terá de ser moi bo no seu oficio. Tanto, polo menos, como os enladrilladores.

R. L. B. V.

Todas as referencias a datos sociométricos están tiradas de enquisas realizadas pola empresa Sondaxe para *La Voz de Galicia*, e publicados polo diario galego ó longo do período da precampaña e a campaña electoral. A enquisa 1700 do CIS foi, xunto con outras dúas (a 1702 e a 1720) obxecto dun estudio que realicei por encargo do mesmo en 1987, logo publicado co título *Actitudes y opiniones sociopolíticas en la Comunidad Autónoma de Galicia: evolución y expectativas*, CIS, Madrid, 1988. A obra de Anxo Lugilde, *Fraga después de Fraga*, foi publicada pola editora de *La Voz de Galicia*, na Coruña, en novembro de 2001.